

- a) Que diferenzas atopades entre estas dúas curtametraxes e o relato no que se basean?

O relato conta cos dúas curtametraxes, na primeira pódese ver que non comparte case nada co relato xa que o único aspecto en común foi manter a data na que acontece a acción, é dicir o 17 de maio, e tamén conserva a conversa con Castelao. A diferenza presente nesta conversa é a de que os personaxes son distintos a os orixinais, pero igualmente conseguiron que Castelao procedera dun concerto de Kurt Cobain en lugar de dicir que lle gustan os Rolling Stones, este foi un cambio notable na adaptación. Por outro lado, temos a segunda curtametraxe, esta é unha adaptación que presenta maior fidelidade ao guión, nesta as únicas diferenzas que podemos son os pequenos detalles que non teñen un peso relevante na trama, un exemplo destes é de coma a profesora non lle di ao seus alumnos que baixen as persiás, coma pode observarse non é un cambio significativo.

- b) De que forma o autor consegue introducir o humor no relato?

No relato o autor consegue introducir o humor ao romper mediante a conversa con Castelao, nesta faise ver a este autor e a Rosalía coma persoas comúns, e a través da tensión creada a través do discurso da profesora “Invocaaaaamos o espíritooooo deee Daniel Alfonso Rodríguez Castelaaaaaooo... Invocámoste, paaaaai da paaaaatria, invocáaaaamoste, luz da Gaaaaaliza, faaaaaro da nazooooón de Breogáaaan. Ven con nóooooos ao noso cíuculo de irmandaaaade, veeeen á noooosa teeeerra.” Esta é a maneira na que consegue introducirlo.

- c) Por que cres que se poñen en contacto con Castelao e non con outra persoa calquera?

Penso que se poñen en contacto con Castelao xa que el é considerado a figura máis importante da cultura galega do século XX, isto débese a que é un intelectual comprometido coa terra e co país, por outra parte tamén reúnen nel distintas facetas tales coma as de narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político.

- d) Que imaxe tes ti de Castelao?

A imaxe que percibo de Castelao é de que foi simplemente unha persoa sinxela e humilde, non moi distinta a que se pesnetaba no relato. Tamén penso que tería moitos coñecementos tanto no referido á política como a cultura e paisaxe de Galicia. Penso que sería unha persoa que empregaba o seu razocinio, polo que poderíase debater tranquilamente e con normalidade con el, estas son conclusións que puiden sacar na súa cita: "Fíxenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade". Pero por outro lado, se penso en él non podo esquecer que veña a miña mente todos os seus debuxos.